

A Mostra de Cultivos  
do Baixo Miño,  
de récord

Páxina 7

O Concello de Salceda  
acepta a mediación  
despois das eleccións  
do 26M

Páxina 13

A Guarda acolle o 7 de  
abril a Baixo Miño  
Enduro Experience

Páxina 15

Entrevista ao alcalde da  
Guarda, Antonio Lomba

Páxina 16

A Guarda recibe 3  
selos SICTED na  
III Gala Anual de  
Turismo Rías Baixas

Páxina 19



## Play Doc converte a Tui en referente internacional no mundo audiovisual

Páxina 5

CONFITERIA

# Regino

Nova gama de productos selectos:  
Rocas de chocolate, Tarta de té,  
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís  
a partir de 2 kgs.

Especialidade en  
rosquillas e melindres

Rúa Reveriano Soutullo, Pontedeume 986 640 834

## BAIXO MIÑO

TUI

## A proposta de Diagnóstico e Plan de mellora do departamento de Urbanismo recolle a actuación en catro ámbitos

Centrar e documentar os procesos de urbanismo actuando no ámbito normativo, nos sistemas de información, nos recursos humanos, e a organización e funcionamento do servizo é o obxectivo da proposta de Diagnóstico e Plan de Mellora do departamento de Urbanismo presentada pola empresa EOSA, que foi dada a coñecer polo alcalde, Carlos Vázquez Padín, e o representante da empresa EOSA, Manuel Veloso.

Na súa comparecencia ante

os medios do comunicación o alcalde, Carlos Vázquez Padín, reiterou a súa opinión de que “o gran problema do declive económico de Tui deriva do mal funcionamento do departamento de Urbanismo” polo que dicía a este asunto hai que darlle unha resposta áxil e eficaz, para deixar de expulsar investimento e rematar coa inseguridade xurídica que hai, en palabras do rexedor.

Apuntaba nese senso que entenderon que é preciso realizar un diagnóstico e pro-



posta de mellora da actual situación deste departamento municipal para contar por unha banda cunha “foto fixa” da actual situación, e por outra cunha proposta e plan

de mellora baseado en procedementos.

Os traballos estenderanse ao longo de 3 ou 4 meses e contan cun orzamento de 13.800 € máis IVE.

## O alcalde de Tui amosa o seu malestar pola situación que presenta a caseta da vella Ponte Internacional tres anos despois de que fóra estragada nun accidente

### No pleno de febreiro aprobouse por unanimidade demandar o arranxo desta instalación

Cúmprense 3 anos dende que un vehículo de matrícula española, sufrira un accidente de madrugada no que quedaba seriamente danada a porta e a estrutura de madeira da oficina que a Garda Civil tiña na vella Ponte Internacional de Tui.

Visto o estado no que quedaba esa instalación deuse traslado á Garda Civil do atestado do accidente, e solicitouse, xa naquel momento,

que se tomaran medidas encamiñadas á reparación dos danos producidos polo vehículo. Transcorrido o tempo sen que a caseta fose arranxada, e tras varias solicitudes de xeito verbal insistindo neste asunto, o Concello novamente remitiu unha carta, neste caso á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, en setembro de 2018, solicitándolle que iniciara as xestións precisas para proceder

á reparación dos danos. No pleno ordinario do mes de febreiro a corporación municipal de Tui tomou o acordo unánime de solicitar, unha vez máis, ao goberno de España, mediante comunicación a súa Subdelegación en Pontevedra, que proceda ao inmediato arranxo da caseta da Garda Civil na Ponte Internacional antiga.

Dende o Concello quérese resaltar que a lamentable imaxe que transmite esa instalación estragada, non parece o

xeito máis acaído de recibir aos visitantes que chegan ao noso país por ese punto. O paso do tempo fixo tamén que unha lona colocada polo anterior goberno comece a estar deteriorada, co que o lamentable aspecto desta antiga instalación da Garda Civil queda remarcado.

O alcalde considera inaceptable que tres anos despois non se fixera absolutamente nada para solucionar a situación, e insta ás autoridades responsables da mesma a arran-

## Reforestacións en Randufe e Areas no Día da Árbore

Con motivo da celebración do Día da Árbore o 21 de marzo, a concellería de Medio Ambiente promoveu a reforestación de diferentes espazos municipais.

A primeira actuación levada a cabo en colaboración co CEIP de Randufe e a Comunidade de Montes de Randufe o xoves 21 e a segunda actuación o venres 22 en colaboración co CRA de Areas.

O concelleiro de Medio Ambiente, Eduardo Freiría, explica que son dous os obxectivos principais desta actuación. O primeiro a concienciación dos máis pequenos do valor que teñen as árbores e os bosques para a sociedade e o os diferentes ecosistemas que conforman.

Por outra banda, desde o Concello procúrase a rexeneración paisaxística de espazos de propiedade municipal que presentan unha situación de degradación medioambiental. Así, unha das actuacións levouse a cabo na ladeira do campo da festa de Randufe actualmente despoboadada e a outra actuación nas zonas verdes do Parque empresarial de Areas. O fin da mesma sería xerar unha pantalla que mitigue o efecto adverso a nivel paisaxístico que supón unha zona industrial e restablecer o equilibrio ambiental e paisaxístico contribuíndo así a unha mellora da calidade do entorno que repercutirá de xeito positivo nas condicións sociais, económicas e de imaxe do lugar.



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
cursosospanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 986 64 12 69  
redaccion@novasdeturonio.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.  
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
publicidade@novasdeturonio.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Vale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 40-2016



## Tui será o escenario da VII edición de “No bico un cantar” que reunirá a preto de 500 nenos e nenas de Galicia e Portugal

**T**ui acollerá o venres, 7 de xuño, a sétima edición de “No bico un cantar” que congregará un coro de cincocentos nenos e nenas pertencentes a conservatorios profesionais e escolas de música de Galicia e o norte de Portugal. A presentación deste evento tivo lugar esta mañá en Santiago a cargo da presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez, a conselleira de Educación Universidade e Formación, Carmen Pomar, o director Xeral de Políticas Culturais, Anxo Lorenzo, o alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, e o director artístico desta actividade, Maximino Zumalave e o compositor Alexis Rozas.

O concerto será o venres, 7 de xuño, as 17.30h na praza de San Fernando, previamente pola mañá haberá actividades lúdicas e culturais dirixidas aos 500 nenos que participan no evento.

O proxecto “No bico un cantar”, do Consello da Cultura Galega e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, naceu no ano 2013 co obxectivo de dar a coñecer a poeta galegos dende un punto e vista musical. A edición deste ano toma o título de “Nenos e nenas cantan na Raia” facendo referencia a participación tamén de alumnado de dous centros musicais de Portugal

Interpretarán un total de cinco pezas, “San Campio, romaría galega”, do poeta tudense Manuel Lago González musicado por Torres Creo, “Veira dó mar” de Pío Lino Cuíñas con música de Reveriano Soutullo e a terceira peza será a canción popular portuguesa “Oh rama oh que rama linda”. En cuarto lugar poderá escoitarse por vez primeira a versión musical do poema de Xosé Maria Álvarez Blázquez, “No



Rego do Prado” con música do xove compositor compostelán Alexis Rozas, que realizou expresamente para esta ocasión. O broche de ouro coma en edicións anteriores porá o poema de Rosalía de Castro “Maio longo” pertencente a Follas Novas.

No evento participarán os alumnos e alumnas dos sete conservatorios profesionais dependentes da Consellería de

Educación: o Conservatorio Profesional da Coruña, Xan Viaño (Ferrol), Xoán Montes (Lugo), Ourense, Manuel Quiroga (Pontevedra), Santiago de Compostela e Vigo. Ademais dos alumnos e alumnas de 13 centros musicais, entre eles a Escola de Música Municipal de Tui, o Conservatorio de Música Elemental da Guarda, a Escola de Música da Agrupación Musical do Rosal e a Escola de música

da Asociación Amigos da Música de Salceda de Caselas. Pola parte portuguesa ademais, convidouse a participar á Academia de Música da Fortaleza de Valença e á Academia de Música José Atalaya de Fafe.

Como responsable artístico contan co pianista e membro do Consello da Cultura Galega, Maximino Zumalave, e coa participación do grupo de metais Hércules Brass.

**LA FLOR**  
floristas

Hortensia Rodríguez Martínez  
607 60 19 32 - 986 60 19 34  
info@floristerialaflortui.es  
www.floresterialaflortui.es  
Calvo Sotelo, 13 (Gal. Caracas) TUI

**RECAMBIOS LODAUTO**  
RECAMBIOS Y ACCESORIOS  
DEL AUTOMÓVIL

Telf. 986 607 047  
Fax. 986 602 388  
Avda. Concordia, 92 - TUI

facebook.com/recambios.lodauto  
www.recambioslodauto.es

**NL**  
Hnos. Nuñez Lorenzo S.L.  
CORREDURÍA DE SEGUROS

Ovidio Carballo Patricio  
Asesor Comercial

Travesía Foxo, 4 - Bajo - 36700 TUI  
986 601 539 - 629 880 027  
Ovidio@hnos-nunez.com  
www.HnosNunezLorenzo.com

LUNES DE SAN TELMO  
DE 8:30 A 00:30

**A TABERNA tui**

**Pulpo á Feira**  
PULPEIROS  
A RENTEIRO  
do Carballiño

TAMBIEN PARA LLEVAR PARA CASA

**Pinturas**  
**Damián Domínguez**

Pinturas ✓  
Papel pintado ✓  
Bellas artes ✓  
Todo tipo de útiles ✓

986 601 539 - 647 193 899  
info@pinturasdo.com C/ Maristas nº1 - Tui

**ALMACEN URBANO**  
Vinos

CASAL ABOY 21B-36700 TUI (PONTEVEDRA)  
T. +34 986 184 837 - M. + 604 024 160  
info@almacenurbanovinos.es  
fwww.facebook.com/AlmacenUrbano



## LOURIÑA

TUI

## O telón do Teatro Principal será exposto nas festas de San Telmo

O telón do Teatro Principal será exposto no mes de abril durante as festas de San Telmo tras realizar unha limpeza e análise do mesmo.

O telón foi pintado polo artista tudense Benigno Lorenzo con motivo da celebración dos Xogos Florais de Galicia de 1891. Nel represéntase un pórtico aberto cara un xardín e unha paisaxe arborada no horizonte enmarcados por unha espléndida cortinaxe vermella e elementos arquitectónicos. Simbolicamente, aparecen representados unha palmeira coroada por unha lira, en alusión ao renacemento literario de Galicia. A criterio do catedrático de Historia da Arte Jesús Ángel Sánchez García, trátase do mellor exemplo de pintura escenográfica que actualmente se conserva en



Galicia. A peza, orixinalmente completábase na parte superior cunha gardamalleta orixinal de 1844 onde aparecía representado o escudo municipal, que perdeuse tralo colapso da teitume do inmobile.

A peza foi depositada pola Fundación Teatro Principal en dependencias da Área Panorámica en 2006, onde perma-

neceu embalada ata a semana pasada.

En abril será sometido a unha limpeza superficial para a eliminación de residuos e fungos e posteriormente levarase a cabo a fixación da policromía. A exhibición dará a coñecer este elemento singular do patrimonio oculto durante case 50 anos.

## A festa do Meixón terá dende este ano un selo distintivo

D o 5 ao 29 de abril celebrárase en Tui a Festa do Meixón que dende este ano contará cun selo distintivo, creado pola deseñadora tudense Marta Fontán. No mesmo recóllese de xeito esquemático os elementos patrimoniais e naturais da cidade, así como unha referencia ao río Miño, aos pescadores de Meixón o escudo de Tui e de Valença. O selo ilustrará tanto os carteis, coma as cazolas e os establecementos participantes na festa. Co mesmo búscase dotar dunha imaxe corporativa a este evento, cunha imaxe atemporal que poderá ser empregada en todas as edicións.

A Festa do Meixón celebrárase do 5 ao 29 de abril co mesmo formato da edición do ano pasado, e dicir o meixón servírase cun prezo especial en establecementos hostaleiros,



e restaurantes tudenses, que se adhiran a esta festa.

O alcalde, Carlos Vázquez Padín, será o encargado da presentación oficial da festa que terá lugar o 5 de abril en Tui e o 6 de abril en Ourense. Este último será o primeiro dos concellos que acolla a presentación da festa fóra de Tui, nos próximos anos serán outros concellos galegos ou portugueses o escenario desta presentación.

**ACADEMIA EIS**  
ORDENADORES • CONSUMIBLES • REPARACIONES  
Rúa Casal Aboi, 10 Baixo - 36.700 TUI  
Telf: 986 600 272 - Móvil: 658 855 661  
eis\_academia@hotmail.com

Desde 2011  
**TUI TÈ**  
ESPAÑA  
TÈS  
ESPECIAS  
PLANTAS MEDICINALES  
Paseo de la corredera  
Calvo Sotelo, 6.  
Tui  
www.tui-tes.es Telf: 986604569 whatsapp 653804040

**GOLOSO**  
Golosinas  
Helados  
Snacks  
Refrescos  
Tartas de Gominolas  
Artículos de Regalo  
Calle Oia n.º 8 - TUI Telf: 886 135 477  
661 53 56 75  
facebook.com/golosatui  
Somos Diferentes  
Endulzate la vida  
Especialistas en Dulces Sucos

**LA GRAN MANZANA**  
CAFÉ & HELADERIA  
TUI

**M&R**  
ESTILISTAS  
C/ Alcalde Casal Aboi, N.º 21 Baixo - TUI  
myr.tui.estelistas@gmail.com  
986 604 444 682 800 754

**BIER**  
Cafés & Botellas  
sabor para cada momento del día  
AVD. CONCORDIA 68-69 TUI



## Play Doc converte a Tui en referente internacional no mundo audiovisual

**Do 3 ao 7 de abril o festival ofrece unha ampla e diversa programación**

**T**ui acollerá do mércores 3 ao domingo 7 de abril o XV Festival Internacional de Documentais de Tui, Play Doc.

O Concello ten incrementado este ano o seu investimento no festival pasando dos 18 mil ao 28 mil euros, dun orzamento total de Play Doc que acada aos 100 mil euros.

Ángel Sánchez, codirector do festival, fixo fincapé no quince aniversario dun festival atípico que se celebra nunha cidade pequena coma Tui pero que transcende á escena máis próxima sendo referente mundial, nunha aposta que tiveron clara dende o primeiro momento. Este ano detallaba que o festival da un salto cualitativo ao estrear en España as

seis películas da sección oficial, e continua coa posta en valor do cinema máis próximo e o diálogo con outras disciplinas. Repasou as tres retrospectivas que vai ofrecer de Bruce Weber, Kidlat Tahimik e Wolf Eckart Bühler, que xunto .

Beli Martínez, responsable da programación do cinema galego explicou coma nesta edición de 2019 en "Panorama Galicia" apostaron por películas que están a ter un amplo percorrido en festivais, e destacou o feito de que Play Doc ofrece un espazo de visibilidade deste cine que se fai en Galicia. Así poderemos ver no Play Doc A Typical Morning de Arancha Brandon, Empalaos- Valverde de la Vera de Iria Sanjurjo, Gallo de Antonio Díaz Huerta,

Hamada de Eloy Domínguez Serén, Ilha de Alexandre Cancelo, Lucía en la Noche de David Varela, Manoliño Nguema de Antonio Grunfeld, Rexistros, Xeografía de San Sadurniño de Adrián Canoura e What you gonna do when the world's on fire dirixida por Roberto Minervini coa dirección de fotografía a mans do galego Diego Romero Suárez-Chairo.

O festival estreará unha nova sección North by Northwest, na que se exhibirán películas procedentes do norte e noroeste peninsular como son a asturiana dirixida por Marcos M. Merino, In Memoriam (la derrota conviene olvidarla), a galega La Estrella Errante obra do realizador ferrolán Alberto Gracia, e última película da directora vasca Maider Oleaga, Muga Deitzen Da Pausoa- Paso al límite.

Dentro das actividades pa-



Presentación do festival co alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, Jacobo Sutil, director de Agadic, Ángel Sánchez, codirector do festival, e Belí Martínez, responsable da programación de cinema galego de Play Doc.

rales están "Eppur si muove" na que se presentarán os traballos audiovisuais e fotográficos de Iván Nespereira, Tono Arias, Rubén Gasalla e Ariadna Silva. O Seminario da Crítica Cinematográfica, os obradoiros Alquimista do Documental Personal: A Bólex 16 mm e outras

formas de levitación, e Rec&Play, xunto aos concertos de Les Deuxluxes e Adriana Proenza completan a programación do festival.

A inauguración de Play Doc celebrarase o mércores, 3 de abril, ás 20.30 h no Teatro Municipal.

**EL BÚHO MIRON**  
SERVICIO DE CAFETERÍA  
CELEBRACIÓN DE FIESTAS DE CUMPLEAÑOS

EL LOCAL IDEAL PARA LOS NIÑOS Y PAPÁS  
C/LA GUARDIA, 2  
TUI  
TLF: 986 184 905

**GL3 MUEBLES**  
**DESCANSO Y DECORACIÓN**

Tlf: 986 603 054  
Móvil: 639 838 672  
E-mail: gl3muebles@gmail.com

C/ Orense, Nº4  
36700 TUY - Pontevedra

**DONILO**  
estilismo propio

C/ Casal Abeg nº12 bajo - 36700 Tui - T. 0034 - 986 603 638

**PROMOCIONES**

- COMIDA Y BEBIDA: 21<sup>00</sup>€
- TRUQUERÍA: 18<sup>00</sup>€
- TRUQUERÍA Y DECORACIÓN: 35<sup>00</sup>€
- LOSTE INFANTIL: 5<sup>00</sup>€
- MINIS DE 5 A 15 AÑOS COMIDA Y BEBIDA: 10<sup>00</sup>€
- LOSTE Y BEBIDA: 12<sup>00</sup>€
- LOSTE Y BEBIDA: 9<sup>00</sup>€
- LOSTE Y BEBIDA: 49<sup>00</sup>€
- COMIDA JUNTADO MINUTOS: 6<sup>00</sup>€
- LOSTE A MAQUINA: 5<sup>00</sup>€
- VERBOS DIA 1111 - COLORES: 10<sup>00</sup>€

**TINTORERÍA Y LAVANDERÍA**

*Servicio a domicilio*

Limpieza en seco  
Lavado  
Planchado  
Servicio industrial y de hogar

Alfombras - Moquetas  
Anto. Napa y Piel  
Limpiezas de treros  
Reparaciones de alfombras

**Galicia**

C/ Orense, 5 - TUI - Telf. 986 601 610

**Pastelería Creativa**  
**Dulces Mágicos**

Tartas Personalizadas  
Amigurumis - Mesas Dulces  
Galletas Decoradas para Eventos  
Centros de Fruta - Postres Variados  
Cupcakes

Móvil: 661 602 787 Rúa compostela Nº 14  
36700 TUI



## BAIXO MIÑO

TUI

## Inclusión do municipio de Tui no Plan Rexurbe da Xunta de Galicia

O candidato do Partido Popular de Tui, José Ángel Fernández Rodríguez, manifesta a súa enorme satisfacción co anuncio feito pola Conselleira de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez de incorporar o municipio de Tui no Plan Rexurbe.

O programa permitirá achegar recursos públicos para adquirir inmobles en estado de abandono ou semiabandono no Casco Histórico de Tui para proceder a súa rehabilitación.

Estas medidas, necesariamente deberán complementarse con outras de idéntico ou maior calado que se poidan imple-

mentar dende o Concello.

O chamado programa Rexurbe foi convocado por primeira vez o ano pasado e ten como obxectivo favorecer a rehabilitación de zonas degradadas e inmobles localizados nos cascos históricos de certos municipios galegos. Anteriormente centrouse nos concellos de Ferrol, Betanzos, Ourense e Lugo mentres que a deste ano, amplíase aos cascos vellos de Tui, Ribadavia e A Coruña.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, con base neste programa, adquirirá inmobles, mediante a fórmula de oferta pública e por concurso público

para a súa rehabilitación. Os propietarios interesados poderán ofrecer os inmobles da súa propiedade para que estes sexan adquiridos polo IGVS co fin desta reconstrución ou rehabilitación. O IGVS seleccionará os inmobles a adquirir conforme a uns criterios fixados, entre os que destacan: Edificios que teñan un valor arquitectónico especial que aconselle a súa recuperación; edificios cuxa recuperación poida contribuír de xeito especial á rexeneración ambiental da zona onde estea emprazado; ofertas que contemplen a recuperación dunha mazá completa.

## Tui contará con tres novos policía locais a comezos de 2020



O alcalde, Carlos Vázquez Padín, o concelleiro de Seguridade, Antonio Castro, e a concelleira de Emprego, Mila González, déronlle a benvinda a tres novos membros da Policía Local de Tui. Foron seleccionados pola Academia Galega de Seguridade Pública, e pre-

via a súa incorporación en Tui terá que continuar a súa formación na Academia. No verán realizarán as prácticas no Concello, e completarán a súa formación de novo na AGASP. A comezos de 2020 incorporaranse xa de forma definitiva coma membros do corpo da Policía Local de Tui.

## Tui será o punto de partida das rutas que farán o Camiño de Santiago por vía fluvial e marítima en kaiak de mar

Tui será o punto de partida do Camiño de Santiago en kaiak de mar. Do 18 ao 21 de abril realizarase unha experiencia piloto e a continuación as rutas poranse en marcha de forma estable até outubro, sempre que as condicións do tempo o permitan.

O alcalde, Carlos Vázquez Padín, presentou esta iniciativa xunto a Alberto Rocha, promotor da mesma, e Antonio Paz, presidente da Asociación Galega

de Kaiak de Mar.

O rexedor tudense explicou na presentación que dende o Concello se apoia todas aquelas vías de peregrinación que teñan Tui como punto de partida. Destacou neste caso a realización do Camiño por vía fluvial e marítima indo de Catedral a Catedral.

En abril farán unha experiencia piloto con etapas un pouco máis longas do que serán as rutas que propoñen. Logo poderase

optar por realizar o Camiño en 5 ou en 10 etapas, completando en todo caso 85 quilómetros en kaiak de mar, e os 25 quilómetros últimos a pé dende Padrón ata Santiago. Cada grupo deberá estar formado por un mínimo de 4 persoas e un máximo de 20, indo sempre acompañado por guías, e podendo optar por un k1 ou un k2.

Pódese ampliar a información sobre esta iniciativa en [www.spainkayak.com](http://www.spainkayak.com).



**A Taberna Tui**  
TAPAS VARIADAS  
TODOS OS XOVES  
PULPO A FEIRA  
PARA COMER E PARA LEVAR  
C/MARISTAS, 26 TUI  
TL: 635 50 40 10

**LABORES DOMÉSTICAS** **SERVICIO DE CANGUROS**  
**ASISTENCIA HOSPITALARIA** **AYUDA A DOMICILIO**  
**TIENDA ORTOPEDIA** **TERCERA EDAD**  
TUI: 986 600 642 VIGO: 986 600 007  
C/ MARISTAS, 5 bj-dcha C/ VIA NORTE, 56 - bj  
[www.edadestui.com](http://www.edadestui.com)

**Cafe - Bar SOEIRAS**  
Tel.: 986 601 796  
Pontenova 10b-Guillarei 34700 -Tui (Pontevedra)



## A Mostra de Cultivos, de récord

A 16ª Mostra de Cultivos do Baixo Miño pechou as súas portas cun balance máis que positivo desta nova edición e con cifras de récord tanto en participación do público profesional como na asistencia e implicación do público xeral. Nesta edición na que a Asociación de Cultivos do Baixo Miño (acuBam), organizadora do evento xunto co Concello de Tomiño, apostaba pola profesionalización do sector entendida dun xeito transfronteirizo contou coa participación de 44 empresas, 30 delas expositoras e 14 colaboradoras. Ademais, 10 empresas presentaron os seus proxectos de innovación, proxectos cun alto grao tecnolóxico e de investigación; 14 relatores protagonizaron as 7 xornadas técnicas que se organizaron e 20 representantes de empresas, administracións públicas, organizacións sectoriais e centros educativos participaron de xeito activo no workshop sobre oportunidades de formación e emprego no sector no Baixo Miño e norte de Portugal, sentando as bases de colaboracións futuras e debullando os problemas aos que se enfronta o sector e as súas posibles solucións.

Estas cifras complétanse coa grande acollida do público xeral e a súa participación no programa de actividades da Mostra de Cultivos. Así, durante os tres días que durou a feira arredor de 500 persoas pasaron polo taller de plantación organizado no stand do IES Antón Alonso Ríos, a través do que coñeceron os principios básicos do proceso de plantación e se puideron levar para casa a súa propia planta, repartíronse máis de 100 botes de

mostra de caldo de ortigas para combater pragas agrícolas de uso doméstico e fixéronse 300 litros de compost no stand de compostaxe do Concello de Tomiño.

Ademais, cos dous talleres de coñiña do último día da Mostra degustáronse 300 pratos de comida elaborados a partir de produtos agroalimentarios locais e repartíronse 400 receitas nos que se incluía a súa elaboración. Por outro lado, no stand de Kiwi Atlántico probáronse 20 quilos de xeadado de kiwi, un produto innovador no mercado. E máis de 100 nenos e nenas disfrutaron das actividades lúdicas preparadas para a xornada do domingo por Corazón de Carballo.

“Estamos moi satisfeitos cos resultados obtidos, aínda que non conformes. Sabemos que queda moito camiño por diante e que temos que seguir traballando para mellorar as cousas. E un dos obxectivos primordiais debe ser conseguir inserir persoal cualificado, unha capacidade de captación de talentos que para o noso sector é fundamental. Necesitamos xente cualificada, xente formada e xente con gañas para garantir o relevo xeracional nas nosas empresas”, salientou a presidenta de acuBam, Patricia Rodríguez, quen tamén indicou a necesidade de seguir achegando o sector á sociedade nunha aposta pola súa valorización e contri-



buíndo así “á xeración de todo un mapa de oportunidades laborais e profesionais no ámbito local”.

### Unha Mostra solidaria

Dende a organización están moi contentos coa marcha da 16ª edición da Mostra, non soamente pola afluencia de público profesional e xeral, senón polos resultados obtidos coa venda ao público realizada no stand da asociación San Xerome Emiliani. O ano pasado a Mostra daba resposta de xeito tímido á demanda reiterada por parte das persoas visitantes que buscaban poder comprar produtos durante o evento e nesta edición ampliaba a venda a toda a fin de semana, na que se poñían a disposición do público produtos doados por empresas participantes na feira.

O resultado foron 1.300 euros de recadación que irán de xeito íntegro á asociación para a rehabilitación das instalacións nas que esta entidade produce a súa camelia do té. Deste xeito, acuBam reforza a súa responsabilidade social na contorna, fomentando e apoiando as vendas dentro da Mostra pero cun marcado fondo social.

## Tui entra a formar parte da Red de Juderías de España

Así o acordou o día 27 na súa Asemblea Xeral celebrada en Madrid esta entidade conformada por 18 municipios, que a partir de xuño estará constituída por 22 coa incorporación de Tui, Béjar, Sagunto e Lorca. Precisamente a entrada efectiva producirase na segunda asemblea da Red a finais de xuño.

Tui presentou o ano pasado a súa candidatura para entrar a formar parte da Red de Juderías de España coma un paso importante e imprescindible para seguir pondo en valor e promocionando o seu patrimonio vinculado á presenza de xudeus e xudeus conversos na cidade. O proceso incluíu a presentación dunha memoria, a defensa da candidatura e a visita á cidade do comité avaliador. Concluíu co visto e prace da asemblea xeral onde a Comisión de Admisión de Cidades expuxo as súas conclusións. Dende a Red de Juderías valoran o legado xudeu que Tui atesoura no que destacan os Sambenitos, pezas únicas en Europa, atopados na Catedral de Tui. Tamén a presenza da casa de Salomón na rúa Canicou, única na súa tipoloxía en Galicia, cun patio central arredor do que se distribúe a vivenda, xunto á menorá gravada na pedra do claustro catedralicio, que testemuña a relación existente entre a comunidade xudía e a cristiá.

## Carlos Pérez-Fonterosa será o pregoeiro das Festas de San Telmo

Carlos Pérez-Fonterosa Antón é un recoñecido comerciante de Tui, agora xubilado, que fixo da súa afección aos selos a súa paixón. Despois de 81 nos como coleccionista atesoura miles de selos, sendo a súa colección sobre o Camiño de Santiago unha das máis valiosas do noso país, gañando varios certames.

Esta colección do Camiño, viaxou recentemente ata a China da man da Embaixada Española naquel país. Este filatelista tudense, que cumpre o próximo mes de agosto 90 anos, continúa cultivando unha afección que naceu de neno, e que o levou xunto con outros once amigos a fundar ao Grupo Filatélico e Numismático tudense,

do que foi o presidente durante sete anos. Foi tamén tenente de alcalde do Concello de Tui durante o mandato do alcalde Casal Aboy.

Na súa longa traxectoria no mundo da filatelia conseguiu para Tui a edición de oito selos dedicados a distintos monumentos ou lugares do municipio, algo do que se sente “especial-

mente orgulloso”

Para Carlos Pérez-Fonterosa este nomeamento écheo de orgullo e pensa que é unha honra inmerecida si se comparan os seus méritos cos dos seus predecesores, pero: “en amor a Tui a iso non me gaña ningún deles” e iso foi precisamente, o seu amor a nosa cidade o que o levou a aceptar esta distinción.





## BAIXO MIÑO

## TOMIÑO

## Pepe Carreiro presenta “Os Bolechas limpan Tomiño”

**P**epe Carreiro, autor de Os Bolechas, visitou onte o Concello de Tomiño para presentar o libro-guía “Os Bolechas limpan Tomiño”; un traballo feito por encargo da Concellería de Medio Ambiente, dentro da campaña de divulgación sobre a compostaxe e a redución do lixo, na que traballa o Concello nos últimos anos, co apoio da Deputación de Pontevedra.

Na presentación estiveron acompañando ao ilustrador a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, e as concelleiras de Medio Ambiente e Cultura, María Xosé Vázquez e Cristina

Martínez, respectivamente..

A alcaldesa agradeceu a presenza de Carreiro, lembrando a importancia do seu traballo cos Bolechas durante os últimos 19 anos e resaltando especialmente o libro-guía “Os Bolechas limpan Tomiño”, no que os personaxes fan un percorrido por todos os coles da vila tentando recoller o lixo coa axuda de Martina, unha nena tomiñesa, e doutras persoas que traballan na realidade nos centros educativos da vila.

Esta primeira edición, de 1000 exemplares, repartirase nos cursos de Primaria dos centros educativos do municio,

chegando a máis de 600 nenos e nenas, onde tamén se impartirán obradoiros relacionados co tema do tratamento e recollida de lixo.

Así o manifestou a concelleira de Medio Ambiente, quen explicou que este novo volume forma parte da campaña de redución de lixo, compostaxe e reciclaxe selectiva que o Concello está a levar a cabo nos últimos anos, co apoio da Deputación de Pontevedra.

Ademais das aventuras protagonizadas polos populares personaxes infantís, a últimas páxinas do libro adícanse a enumerar os diferentes colec-



tores que existen na vila, con mapas e debuxos explicativos, fomentando os bos hábitos de reciclaxe selectiva, compostaxe caseira e o coidado do medio

ambiente, animais e plantas.

Con este novo libro, Tomiño ten xa catro exemplares dos Bolechas, adicados especialmente ao concello.

## Tomiño celebrou a V Gala do Deporte

**O** Concello de Tomiño celebrou a 5ª edición da Gala do Deporte; un acto no que se recoñeceu un ano máis, o traballo dos deportistas tomiñeses ao longo do último ano.

Os galardóns e recoñecementos atenderon a varias categorías, que foron dende o mellor evento deportivo, á mellor deportista masculino e feminino absolutos.

Estes últimos recaeron no piragüista Rubén Millán e na triatleta Iria Rodríguez, respectivamente. Roi Rodríguez e

Brais Pereira, foron distinguidos, respectivamente, coma 2º e 3º mellores deportistas masculinos absolutos, e Elena Cañibano e Zaida González, 2ª e 3ª mellores deportistas femininas.

A gala, presentada por Terio Carrera, contou coa actuación de Pepo Suevos, (actor de programas e series da TVG), e dun grupo de danza contemporánea. Durante a celebración do evento distinguiuse tamén o mellor adestrador, promesas masculino e feminino, mellor equipo de fútbol, premio afán de superación, mellor equipo base, e



mellor evento deportivo.

Como novidade desta quinta edición, celebrouse unha xornada multideporte para a infancia, onde nenos e nenas

puideron practicar bádminton, tiro con arco, tenis de mesa, judo, petanca, no pavillón polideportivo de Goián, situado xunto ao auditorio.

Pecharon a gala os premios aos deportistas con maior proxección deportiva e o premio aos mellores deportistas masculino e feminino absolutos.



**ecocelta®**  
Naturaleza en equilibrio

Abonos e sustratos ecolóxicos  
Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 [administracion@ecocelta.com](mailto:administracion@ecocelta.com)  
Crta. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Pontareas





## Redacción

## José Souto, gañador da primeira edición dos Premios Xardín Galego

O paixasista José Souto foi o gañador da primeira edición dos premios Xardín Galego, un galardón posto en marcha pola Asociación de Cultivos do Baixo Miño (acuBam) e a Asociación Galega de Empresa de Xardinería (Agaexar) para recoñecer e difundir actuacións exemplares en traballos de xardinería pública e privada realizados por empresas e autónomos de Galicia, dignificando e promocionando o sector da xardinería na comunidade autónoma. “Para min é unha honra gañar este concurso. O meu estilo é o xardín inglés e sen eses produtos que me achega o Baixo Miño non tería a evolución que tivo o meu traballo neste tempo. Para min é un orgullo non só pola parte de deseñador, senón tamén como consumidor de produtos da contorna”, salientou.

Sven Dieter, paixasista alemán residente en Galicia dende hai 20 anos, foi o gañador do segundo premio deste certame cunha terraza feita en Lugo para unha empresa que tiña “un espazo que non se utilizaba para nada e que querían converter nunha entidade verde dentro da empresa para uso de traballadores e traballadoras, sostible



no tempo e cun mantemento case autónomo”.

“Esperamos que esta primeira edición sexa o comezo de moitas máis”, asegurou Óscar Vaquero, membro de acuBam, durante a entrega dos premios o sábado 16 na 16ª Mostra de Cultivos do Baixo Miño, organizada de forma conxunta por acuBam e o Concello de Tomiño. Durante o acto, Víctor Pérez, presidente de Agaexar, presentou a segunda edición dos premios, nos que de novo valoráranse os traballos que dean prioridade ao uso de material vexetal fronte a materiais inertes, nos que teña preferencia o material vexetal producido en Galicia e criterios de sustentabilidade apli-

cados á obra, así como o deseño, creatividade, orixinalidade ou composición vexetal, combinación de especies, textura e cor.

As persoas interesadas poderán presentar os seus traballos ata o 31 de decembro de 2019, un único traballo por participante, enviando ao correo electrónico [info@agaexar.gal](mailto:info@agaexar.gal) a ficha cos datos do candidato, a declaración escrita que garanta a autoría da obra presentada, fotografías xerais e de detalle co antes e o despois da intervención e unha memoria descritiva do proxecto realizado. O gañador ou gañadora darase a coñecer durante a celebración da vindeira edición da Mostra, en 2020.

## Tomiño ten unha decena de persoas que superan os cen anos

Tomiño é un concello con cifras importantes de poboación moza. Na actualidade ten 13.852 habitantes, dos cales un 51% son homes e un 49% mulleres, sendo o grupo máis amplo o de poboación activa con 7.628 habitantes e tendo tamén un bo número de poboación infantil e adolescente (2398 habitantes).

Aínda así, o concello ten máis dunha decena de persoas centenarias na actualidade e os habitantes de entre 80 e 104 anos superan os 930. Entre eles, está Adoración “Dora” Lamela Calvo, que vén de facer os 100 hai uns días. Ela é un caso excepcional, xa que se atopa no pleno uso das súas facultades físicas e psíquicas, de memoria, etc. Os seus coïdadores, María Luisa (filla) e Modesto (xenro) teñen moito que ver con este benestar; tamén o resto da familia (tres fillos, cinco netos e cinco bisnetos). Todos os días, reúnen na casa familiar para disfrutar da matriarca da familia, que coñece perfectamente a cada quen e pregunta diariamente por eles. Entre os seus cinco netos (Isabel, Rosario, Pablo, Samuel e Daniel), a primeira é coma unha filla, xa que a criou e están moi unidas.

Dora está ben e na súa festa de aniversario tivo unha festa moi bonita, na que non faltaron

nin sequera as treboadas e as bombas de palenque.

Naceu o 10 de febreiro de 1919 en Tebra (Tomiño) e con 26 casouse con Daniel Martínez. Con el tivo catro fillos (Mª Luisa, Adelina, Nieves e José) e traballou na casa e máis no campo. Eran tempos difíciles no que so gañaba tres perras nunha xornada. Ademais e por esas cousas da vida rural de aqueles anos, converteuse en practicante e puña inxeccións a todos os veciños e veciñas, sen cobrar.

Agora pasa as súas horas en compañía dos seus familiares, mirando a tele e dando algún que outro paseño corto. A alcaldesa comprometeu a visitar o novo mercado municipal e a Casa do Concello, durante a súa visita da semana pasada, en compañía da concelleira de Benestar.

A que é unha das dez centenarias de Tomiño é unha muller moderna que acepta as cousas coma veñen, viaxou en avión a Montevideo e a Suíza e se puidera, saíría a bailar, algo que sempre lle gustou.

Entre as persoas que comparten xeración con ela, hai na actualidade 8 mulleres e dous homes, cuxas idades oscilan entre os 99 e os 104, coma é o caso de Sara Rodríguez Salvador, de Santa Mª de Tomiño, que xa cumpriu os 104.



# ALFESO

## Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES  
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03



## MISCELANEA

Redacción

## Comezan os cursos "a apicultura moderna e sostible" do proxecto DepoApicultura

**Haberá accións formativas presenciais no Rosal, Vilaboa e Barro e formación mixta en Salceda de Caselas, Ponte Caldelas e Ponteareas**

A Deputación de Pontevedra iniciou os cursos formativos "A apicultura moderna e sostible", enmarcados no proxecto DepoApicultura e que se desenvolverán ata o mes de setembro. É un proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo, que se desenvolve en zonas rurais da Rede Natura das provincias de Pontevedra e de Zaragoza, cuxo obxectivo é o de mellorar a empregabilidade no sector apícola, sobre todo daquelas persoas con dificultades de acceso ao mercado laboral.

Xa comezaron os cursos presenciais no Rosal, Vilaboa e Barro. Participarán máis de 50 persoas desempregadas -unhas 18 por curso- e a formación terá unha duración total de 50 horas, que se desenvolverá en xornadas de mañá de 9 a 14 horas. Trátase de actuacións totalmente gratuítas. Máis polo miúdo, as

accións formativas no Rosal comezaron o 26 de marzo, no Centro de Formación A Mata. Os seguintes días de formación serán o 9 de abril, 7 e 28 de maio, 15 e 25 de xuño, 9 e 30 de xullo e 3 e 10 de setembro. En Vilaboa, na Casa da Xesta, comezaron os cursos o día 27 e despois continuarán o 10 de abril, 8 e 29 de maio, 12 e 26 de xuño, 10 e 31 de xullo e 4 e 11 de setembro.

No Salón de Plenos do Concello de Barro iniciáronse as accións formativas de DepoApicultura o xoves 28 de marzo para continuar logo o 11 de abril, 9 e 30 de maio, 13 e 27 de xuño, 12 de xullo, 1 agosto e 5 e 12 de setembro.

Ademais desta formación presencial nos concellos do Rosal, Vilaboa e Barro, tamén haberá formación semipresencial nos municipios de Salceda de Caselas os días 16 e 17 de abril, Ponte Caldelas os días 23 e 24, Ponteareas 14 e 15 de maio e O Rosal 21 e 22 de maio.



## María López Correa recolle o Premio Matilde Bares



A viguesa María López Correa recibiu o premio do IX Certame de Relatos de Muller Matilde Bares, que gañou co seu relato "As fillas da Manola", no que conta catro historias de diferentes mulleres emparentadas entre si, unidas pola soidade ante os atrancos das súas vidas, e a través das que se realza a importancia da creación dunha rede de apoio entre as mulleres. No acto, celebrado no salón de plenos da Casa Consistorial, López Correa salientou que o relato naceu coa finalidade de "resaltar a forza e a valentía das mulleres que temos ao noso lado día a día e que moitas veces conviven

coa soidade".

Este certame, dotado con 1.500 €, iniciouse no 2005 coma unha homenaxe a Matilde Bares, mestra de labor recoñecida na vila que ademais foi promotora de actividades culturais e grupos de teatro. O concurso busca promover a reflexión arredor da igualdade entre homes e mulleres e da necesidade doutros relatos que reivindiquen novas formas de escribir a historia. O xurado estivo composto por Marta Currás, María del Carmen Caramés e Carlos Freire, os tres con experiencia no panorama literario, e actuando como secretaria a directora do CIM, Montserrat González.

## A Deputación aproba máis dun millón en préstamos sen xuros para 4 concellos

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra vén de aprobar a concesión da convocatoria 2019 dos préstamos sen xuros. A Presidenta Carmela Silva informou de que "as axudas deste ano ascenden a máis dun millón de euros (1.054.665,18 €) dos que, nesta primeira relación, se van beneficiar catro concellos: A Cañiza, Arbo, Catoira e Ponteareas.

Deste xeito, A Cañiza recibirá 42.928,21 € cos que poderá "mercar terreos nos que crearán un paseo e zonas verdes de espaxamento". Pola súa banda, as axudas da Deputación para Arbo, cun total de 211.750 €, terán por obxecto "mercar un inmovible que o concello destinará a un centro social de atención á terceira idade e

á primeira infancia". Pola súa banda, Catoira recibe 400.000€ (a cantidade máxima subvencionable) para financiar unha operación de tesourería e, finalmente, Ponteareas beneficiarase dun total de 399.986,97 € cos que financiará diversos investimentos: "69.000 € destinaraos á ampliación da rede de abastecemento en Albar e Puzo San Mateo de Oliveira, 88.000 € ao acondicionamento do centro cultural de Guillade e 244.000 € á rehabilitación dun edificio para acoller un centro sociocultural".

Os préstamos sen xuros da Deputación de Pontevedra son un instrumento máis de planificación de políticas públicas, que teñen por obxecto o fomento dunha utilidade pública, de interese



social ou de promoción de uso público. O principal obxectivo desta iniciativa é facilitarlle aos concellos unha fonte de financiamento adicional co que poder afrontar, preferentemente, a execución de investimentos e, excepcionalmente, as operacións de tesourería para facer fronte a desfases transitorios ou necesidades urxentes.

Pódense acoller a esta iniciativa da Deputación de Pontevedra os concellos

da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, e que cumprisen os seguintes requisitos: ter aprobado o orzamento para o exercicio corrente ou, no caso de prórroga, cumprir co previsto na lexislación; non ter pendentes de pagamento cotas de amortización de préstamos contraídos coa Deputación; e cumprir cos previstos legais no relativo á concertación de operacións de crédito.



## O Festival de Cans aumentou un ano máis as obras rexistradas a concurso

O Festival de Cans bate un ano máis o seu récord de curtas inscritas, pois recibiu na súa convocatoria para as seccións oficiais a concurso un total de 255 producións galegas, fronte aos 252 traballos da pasada edición. Divididas por categorías recibíronse un total de 85 curtametraxes de ficción, 49 de non ficción, 12 de animación e 87 videoclips. Ademais, recibíronse tamén 22 obras de diferentes formatos, que nalgúns casos comparán as diversas seccións paralelas dos festival.

Con respecto aos apartados de curtametraxes de ficción segue rexistrándose -ao igual que nos pasados anos- un gran volume de traballos de creadores e creadoras galegos que viven e desenvolven a súa actividade profesional fóra de Galicia, aínda que menos que noutras edicións. Deste xeito, o comité de selección do Festival valorará obras recibidas dende lugares como Madrid,

Barcelona ou Valencia, e de países como Inglaterra, Estados Unidos ou Italia. A sección Furacáns (non ficción), pola súa banda, continúa aglutinando a interesantísimos creadores e creadoras e dende o festival está barallándose a posibilidade de aumentar as curtas integrantes desta sección debido ao gran éxito que se experimentou na pasada edición. Obsérvase tamén como dato moi positivo o a recepción de máis dunha ducia de curtametraxes de animación, que garante a constitución desta categoría nesta edición do festival e que, ademais, será dunha calidade excepcional. No tocante aos videoclips, foron recibidas 87 pezas con ritmos que van dende hip-hop ata o pop, a electrónica, o rock, o folk ou o trap, sendo escarapate das últimas novidades e dos diversos estilos de música que existen en Galicia.

Dá comezo agora para a organización un exhaustivo e laborioso proceso de visionado

e selección, que se prolongará durante varias semanas e a través do cal se elixirán as obras finalistas en cada categoría.

### Amadriñamentos e apadriñamentos de jalpóns

O Festival continúa traballando tratando de buscar patrocinadores privados que poidan facer achegas para tratar de completar o seu orzamento. A Asociación Arela -organizadora do festival- xa ten en marcha a campaña "Apadriña un jalpón", buscando empresas que busquen unha repercusión publicitaria asociando a súa marca aos jalpóns de proxeción do festival de Cans, que se celebrará entre o 22 e o 25 de maio. As persoas ou empresas que estean interesadas en amadriñar ou apadriñar jalpóns ou en facer calquera proposta de patrocinio poden contactar co festival a través do mail [patrocina@festivaldecans.com](mailto:patrocina@festivaldecans.com), ou mesmo a través das redes sociais do festival.

## Escolares do Porriño plantan árbores nos montes de Chenlo



Escolares do CEIP Antonio Palacios e o CEIP Plurilingüe da Ribeira participaron hoxe na plantación de árbores autóctonas nos montes de Chenlo. Arredor de 100 nenos e nenas dos colexios de Torneiros conmemoraron deste xeito, como cada ano, o a Xornada Mundial Forestal tamén denominada Día da Árbore, que cada ano coincide coa entrada da primavera o 21 de marzo. Nesta ocasión, e debido aos cambios climáticos que estamos a vivir, adiantouse unhas semanas para asegurar que as árbores plantadas polos cativos medren con toda seguridade.

A actividade, organizada pola Entidade Local Menor de Chenlo en colaboración coa Xunta de Galicia, persigue concienciar aos máis novos sobre a importancia ambiental e económica do sector forestal e o vital de coidar entre todos o noso ben máis preciado: o entorno.

A tal fin, unha brigada de axentes medioambientais do distrito XVIII da Conse-

llería de Medio Rural, explicou aos pequenos e pequenas os pasos a seguir para plantar as 50 cerdeiras que darán vida aos montes de Chenlo.

Acompañando aos cativos, estivo o alcalde pedáneo de Chenlo, Alejandro Lorenzo, o delegado da Xunta de Galicia en Vigo, Ignacio López-Chaves, o director do CEIP Antonio Palacios, Andrés Vieitez, e a xefa de estudos do CEIP da Ribeira, Mar Lorenzo, que tamén botaron un man e non dubidaron en coller os sachos e a manguera para prantar as árbores.

Para lembrar quen prantou cada árbore, os pequenos e pequenas penduraron do seu tronco o seu nome. Así, cada unha das árbores dos montes de Chenlo ten nome propio.

Tras toda unha mañá de traballo, a xornada finalizou coa intervención do camión motobomba co que, ademais de regar as súas recén prantadas árbores, aprenderon como se intervéñ á hora de sofocar un incendio forestal.

## Segundo o BNG o Concello paga 3500 euros mensuais para a campaña de comunicación de Eva García de la Torre

A nosa alcaldesa, a de todas e todos, vén de contratar un servizo de asesoramento de comunicación, é dicir, un "community manager", un xornalista das redes sociais.

Desde o BNG do Porriño, sorpréndenos que estando xa esgotada a lexislatura, Eva García de la Torre, acorde agora que ao Concello lle faga falla quen redacte comunicados de prensa, quen se ocupe das relacións cos medios informati-

vos, das redes sociais,...

E preguntámonos, coma calquera cidadá, como despois de 4 anos, onde a web do concello empezou a funcionar un 10 de xuño do 2017, onde as actualizacións das novas xa son resesas cando se publican, a información é escasa, sobran titulares e faltan contidos,... como de súpeto é tan necesario, case vital, que se contrate a un xornalista por 10.708,50 euros, desde este mes de marzo ata o 31-05-19.

AGORA, que lle quedan "2 whatsapps", a este goberno, que hai unha morea de facturas sen abonar, que non se executaron os orzamentos, que goberna cunha minoría minorizada, AGORA, a Eva García de la Torre, parécelle prioritario dinamizar, revitalizar, dar outra imaxe do noso concello. AGORA, ante as próximas eleccións, non será que o lavado, centrifugado e posterior planchado de imaxe non é para concello e si para ela como candidata política.



## LOURIÑA

## O PORRIÑO

## Mabel Lozano insta aos homes a ser proactivos contra a prostitución

A historia de Miguel, alcu-  
mado “El Músico”, un  
dos vinte propietarios da  
maioría dos clubs de alterne de  
España ata a súa detención,  
condena e arrepentimento,  
contada no documental “El  
Proxenetista”, de Mabel Lozano,  
removeu conciencias entre o  
numero público asistente  
anoite a proxección celebrada  
no Círculo Recreativo e Cultu-  
ral de Porriño. A visión da pe-  
lícula e un posterior coloquio  
con Mabel Lozano, directora e  
guionista da cinta, pechou a  
programación “As Mulleres fan  
Porriño” en torno ó 8M, Día  
Internacional da Muller.

Previamente á proxección,  
Carmela Silva, presidenta da  
Deputación Provincial que asis-  
tiu ó acto tomou a palabra  
para honrar a Mabel Lozano  
“polo seu compromiso coas  
mulleres, en suma co 52% da  
poboación”. A máxima respon-  
sable da institución provincial  
manifestou como “cargos públicos  
que son, opoñome á posible  
legalización da prostitución,  
por certo o tercer negocio que  
máis cartos xenera no mundo  
detrás do narcotráfico e a venda



de armas”, engadiu.

A alcaldesa Eva García, quen  
actuou como anfitriona neste  
postreiro acto da campaña “As  
Mulleres fan Porriño”, suscribiu  
as palabras da presidenta da  
Deputación e lembrou o acon-  
tecido o pasado venres 8M.  
Recordou que unha das inter-  
vintes no acto institucional  
ante o Concello, refiriuse a  
existencia de “puticlubes” no  
entorno de Porriño. Esa veciña  
dixo que “alomenos a metade  
dos homes de Porriño colaboran  
coa escravitude dos puticlubes”.  
A alcaldesa sinalou que a afir-  
mación desa veciña “non ten  
base científica” pero resulta  
evidente que a presenza deses

locais indica que hai demanda”,  
precisou Eva García quen invi-  
tou ós homes a “non apoiar  
coa súa asistencia a eses locais  
a cosificación e humillación  
desas mulleres”.

Nesa mesma liña Mabel Lo-  
zano, quen intervinou ó final  
do visionado da película, apor-  
tou un dato oficial do Goberno  
de España: “estadísticamente  
está confirmado que o 40%  
dos homes, es decir oito mil-  
lons e medio de españois,  
consumen sexo de pago”. Polo  
que Mabel Lozano apelou ó  
60% restante dos homes a  
“ser proactivos en contra da  
trata de mulleres e a prosti-  
tución”.

## Comunicado da alcaldía do Porriño ante as acusacións da Plataforma Antilindano

A alcaldía de Porriño ente-  
rada da convocatoria  
dunha concentración  
convocada pola Plataforma  
Antilindano para o vindeiro  
luns na praza do Concello,  
quere precisar o seguinte:

1) Mostrar o máximo respeto  
ó dereito dos veciños a mani-  
festarse. Pero urxe clarexar  
que a citada Plataforma que  
chama “a tomar a Praza do  
Concello” está dirixida por per-  
sonas con intereses partidistas  
que están a xenerar movilha-

cions para buscar un réditos  
electoral suscitando e xogando  
cos miedos dos veciños

2) Negar taxativamente que  
o Concello fixera obras sen  
control ou que permitiese que  
terras con lindano se espallasen  
de calquera xeito. Polo con-  
trario: o Concello axustouse  
ós protocolos de seguridade  
requeridos.

3) Tales acusacións son ra-  
dicalmente falsas e ademais ca-  
lumniosas. Non se pode acusar  
a este Concello e a esta alcaldesa

de estar a rirse dos veciños  
cando cumplimos coas exixencias  
que nos teñen requerido. Este  
Concello segue solicitando á  
Xunta de Galicia que acometa  
o plan de descontaminación do  
lindano como vimos de pedir  
novamente á Consellería de Me-  
dio Ambiente.

E 4) Finalmente, á vista da  
gravidade das acusacións ver-  
quidas, esta Alcaldía valorará  
o exercicio das accións xurídicas  
precisas para defenderse  
de semellantes inxurias.

## Carpa de prevención polo Día Mundial do Ril



Porriño sumouse á cele-  
bración do Día Mundial  
do Ril que este ano  
convocouse baixo o lema  
“Salud renal para todos en  
todos lados”. Cantos veciños  
quixeron achegarse á carpa  
habilitada na praza Arque-  
tecto Antonio Palacios pui-  
deron obter información  
sobre o seu estado renal me-  
diante os test que gratuita-  
mente fixo o personal  
facultativo a e a súa poste-  
rior valoración polos especia-  
listas presentes.

Esta acción preventiva e  
divulgativa correu a cargo da  
“Fundación Renal Iñigo Alvarez  
de Toledo” en colaboración  
co Concello de Porriño. A doc-  
tora Blanca Miranda, directora  
xeral da devandita Fundación  
desprazouse ata nosa vila para  
participar neste acto divul-  
gativo. A doctora Miranda ex-  
plicou á alcaldesa Eva García  
quen visitou a carpa, os por-  
menores da probas preventivas  
que se estiveron a facer e o  
alcance da campaña que a  
Fundación desenrola.

## O Consello de contas auditará exclusivamente o recoñecemento extraxudicial de débeda de 2017

A conselleira María Be-  
goña Villaverde e dous  
auditores do Consello  
de Contas confirmaron hoxe  
á alcaldesa Eva García que a  
supervisión a realizar por ese  
organismo refírese, exclusi-  
vamente, ó recoñecemento  
extraxudicial de crédito apro-  
bado en 2017. Aquela opera-  
ción por importe de dous  
millons setecentos mil euros,  
sirviu para abonar facturas  
atrasadas que o actual go-  
berno municipal de Porriño  
que preside Eva García here-  
dou do mandato anterior do  
PP entre 2011 e 2015.

A rexidora porriñesa ma-  
nifestou ós representantes  
do Consello de Contas en

presenza da interventora mu-  
nicipal, “a plena colaboración  
do Concello co organismo su-  
pervisor entregando toda a  
documentación pertinente” ó  
longo dunha reunión que Eva  
García calificou como “moi  
cordial”.

A alcaldesa Eva García vol-  
veu a expresar que agarda  
que “do mesmo xeito que  
acontecera no seu día con  
outra inspección anterior,  
efectuada polo Tribunal de  
Contas de Galicia, produto  
dunha denuncia do PP por  
este mesmo asunto e que se  
pechou exonerando ó actual  
goberno municipal de calquera  
responsabilidade, aconteza o  
mesmo agora tamén”.



## O Concello de Salceda acepta a mediación despois das eleccións do 26M

O pasado día 12, e por acordo unánime da última Asemblea Xeral de Traballadores, desprazáronse a Santiago, os delegados sindicais de CCOO, CIG e CSIF do concello de Salceda de Caselas, acompañados por representantes de ditos sindicatos, para manter unha xuntanza coa presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais de Galicia, Verónica Martínez Barbero.

Os representantes dos traballadores do concello de Salceda de Caselas, expuxeron a súa problemática, que non é outra, apuntan, "que a falta de negociación colectiva no concello, nos últimos doce anos, e como consecuencia a falta dun convenio colectivo para o persoal laboral, de un acordo regulador para o persoal funcionario e dunha RPT, para todo o persoal, regularizando dunha vez por todas os postos de traballo e tamén que o concello non rexeite as melloras laborais acordadas no II acordo entre o Goberno e Sindicatos de marzo 2018".

Solicitan o Consello Galego de Relacións Laborais, unha

mediación entre as partes, na procura dunha solución a este longo conflito laboral, presentando por rexistro unha solicitude formal da mediación.

A Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, a inspectora de traballo Verónica Martínez mostrouse disposta a mediar no conflito, para lograr un acordo que satisfaga as dúas partes, e tamén invitou a tódolos partidos políticos que teñan representacións institucional no concello de Salceda de Caselas (PP e PSOE) a sumarse a Mesa Negociadora, xunto cos sindicatos CCOO, CIG, CSIF, e o partido que goberna actualmente Movemento Salceda.

### O goberno acepta si é despois do 26 de maio

O Grupo de Goberno do Concello de Salceda ven de remitir resposta á proposición de mediación feita dende o Consello Galego das Relacións Laborais, manifestando a súa vontade a aceptar dita mediación despois do 26 de maio, día en que se eleixirá o novo Goberno Municipal.

No comunicado, asinado

polo Alcalde, lembran que tendo presente que dita mediación constitúese e caracterízase como voluntaria, o Concello manifesta a súa expresa disconformidade co inicio de dito procedemento polo momento no que nos atopamos, a dous meses dunhas eleccións municipais que determinarán un novo equipo de goberno -que na súa calidade de parte empregadora- terá que sentarse coa representación sindical, sen que

sexa lexítimo a dous meses vista de dito proceso iniciar a mediación.

Lembran tamén dende o Equipo de Goberno que a mediación terá que ser comandada exclusivamente polo próximo goberno municipal, sexa cal sexa o grupo político que nese momento conforme dito equipo, polo que non entenden nin comparten a intención de que os grupos políticos da oposición participen nun proceso de mediación que atañe

exclusivamente á parte empregada e á parte empregadora. Esta postura non é ignorada pola representación sindical, pois xa lle foi manifestada á mesma en diversas oportunidades.

Por todo isto, dende o Concello veñen de solicitar o arquivo do proceso de mediación ata despois do 26 de maio, manifestando a absoluta predisposición a iniciar dito proceso unha vez pasadas as eleccións.

## O CRA Raíña Aragonta precisa un docente de Pedagogía Terapéutica

ANPA As Landras, do CRA Raíña Aragonta de Salceda de Caselas, leva dende setembro loitando pola reincorporación inmediata dun docente especializado en Pedagogía Terapéutica (PT).

Despois de moitos anos contando con este profesional, ó inicio deste curso atopáronse con que o centro non ía contar con este mestre. A ANPA achega o seu malestar por considerar imprescindible a presenza deste docente, por dar apoio a alumnos con necesidades educativas especiais".

Actualmente o centro conta con 267 alumnos dos cales polo menos 10 nenos facían uso deste profesional o curso pasado. A eliminación do mesmo é, para a asociación de nais e pais, "totalmente inxustificable". Consideran que "existe un trato discriminatorio hacia os nenos de Salceda xa que hai outros Colexios Rurais Agrupados da comarca, con menor número de alumnado, que si contan cun PT, como: o CRA A Picaraña de Pontearreas, o CRA María Zambano de O Rosal, CRA Mestra Clara Torres de Tui, etc".

**Depo Apicultura**  
A apicultura sostible como fonte de emprego rural

**Salceda de Caselas**

**Obxectivo:**  
Capacitar as persoas interesadas para a posta en marcha e mantemento dunha explotación apícola moderna, informando sobre as posibles orientacións produtivas, fomentando novas vías de xestión e comercialización, mediante o emprego de novas tecnoloxías.

**Curso mixto:**  
50 horas de duración  
(40 horas a distancia e 10 horas presenciais)

**Persoas destinatarias:**  
Persoas desempregadas

**Lugar:**  
Centro Social A Devesa  
Rúa de Vigo, 1, Salceda de Caselas

**Datas:**  
16 e 17 de abril

**Horario:**  
De 9 a 14 horas

Acción gratuíta co-financiada polo IFSE  
Consigue formación e un emprego de calidade

Máis información no teléfono 886210725  
ou no correo depoapicultura@depa.gal



## VAL MIÑOR

## A Deputación financia dúas novas actuacións para Gondomar por máis de 145.000 euros

A Deputación de Pontevedra aprobou en Xunta de Goberno dous novos investimentos por un valor de 145.030,80 euros para Gondomar con cargo á liña 1 do Plan Concellos 2019. En concreto, destínanse 81.530,80 euros para a humanización da interconexión das rúas san Bieito e Emigrante coas estradas de Peitieiros e Chaín-Morgadán, e outros 63.500 euros para financiar as obras de mellora da pavimentación en camiños municipais nos barrios de Guntín, As Regadas e Boucelos (Borreiros).

Máis polo miúdo, vaise a humanizar todo o conxunto in-



cluindo os accesos á intersección desde as rúas emigrante e San Bieito e desde os viarios cara as parroquias de Chaín, Morgadán e Peitieiros. Ademais, as obras implican a construción de beirarrúas, tratando de manter o ancho de 2,5 metros, con

variantes en zonas puntuais.

Pola súa banda, na parroquia de Borreiros vanse levar acabo obras de pavimentado de camiños, mellora do firme, da accesibilidade e funcionalidade, así como as escorrentías naturais de pluviais.

## Gerardo Rodríguez da unha lección á alcaldesa de Oia na súa tentativa de cambialo escudo do Concello

O PSOE de Oia, por medio do seu portavoz, Gerardo Rodríguez, deixou sen argumentos á Alcaldesa de Oia no pleno extraordinario celebrado o venres 22 de marzo, dando unha lección sobre como se terían e se deben de facer as cousas na súa tentativa do cambio do escudo do Concello e de dotalo dunha bandeira.

Gerardo Rodríguez acusou á alcaldesa de saltarse a aprobación plenaria correspondente e tentar culpar á oposición dunha posible negativa ao resultado elixido nas urnas que puxo a dis-



posición o concello para a este fin, coma se “de un Puigdemont se tratase”.

Destacan dende o Grupo Municipal Socialista que curiosamente unha das opcións é unha clara copia da bandeira representativa do Concello de Bueu, o que chama moito a atención.

## OPINIÓN

Por G. Rodríguez

### Como choupíns

As modificacións nos sistemas de representación política tenden a postergarse nos concellos. Así aconteceu nas municipais post-Prestige, 2003, cando para desesperación de moitos, semellaba que a porcallada non chegara aos concellos. Ao pouco, 2005, veu o desaloxo do PP da Xunta, aínda que o bipartito non soubera, ou non puidera, aproveitar aquel frustrado ciclo de cambio.

A alteración do sistema de representación que se produciu en 2015 parece que vai chegar agora a xeneralidade dos concellos, aínda que non na forma dun modelo consolidado senón a xeito dunha dispersión de interrogantes propio de momentos de intensa inestabilidade política.

Así que a previsión é dun abrollar de candidaturas como os choupíns en tarde de sol outonal logo de profundas choivas. Cando menos esa é a previsión para os concellos do Miñor. Semella que na lectura do conxunto o PSOE parte con

boas expectativas que mesmo lle poden conceder as tres alcaldías. É posíbel que en Nigrán, Juan González se consolide e mesmo poida acadar a maioría



absoluta. Non parece unha “boutade” que a desfeita do PP baionés favoreza ao candidato socialista, aínda precisando apoios e mesmo que a política de galería de Ferreira poida darlle un significativo aumento de apoios, aínda que andar a fungueirazos co resto da corporación lle dificulte manter a alcaldía, por non ter con quen pactar.

Mais a novidade está na amplitude da oferta electoral que augura unhas

corporacións municipais moi fraccionadas. En Baiona hai confirmadas seis candidaturas ás que se poden sumar a de Manifesto Miñor-En Marea e a de Vox. O actual alcalde Ángel Rodal, pretende manterse como tal, obxectivo que parece unha quimera despois dunha legislatura inzada de desercións nas súa fileiras, ademais cando o PP non ten boas perspectivas e os rumores falan de unha, ou dúas, candidaturas encabezadas por dúas concelleiras desafectas ao grupo que gobernou estes anos. Cidadáns, encabezado por Fito Valverde, entrará na disputa do espazo electoral da dereita. O centro-esquerda intentara ocupar Carlos Gómez Prado para o que terá que competir co ex alcalde do PSOE Carlos de la Peña que encabeza a candidatura independente Nós-Baiona. A esquerda fraccionarase en tres alternativas, Unidas-Podemos con José Ramón Estévez Brao, o BNG con Iago Pereira e a posibilidade real de que Manifesto Miñor-En Marea presente candidatura.

Outras seis candidaturas, como mínimo, competiran por ter representación

na corporación gondomareña, aínda que neste caso con rostros ben coñecidos da vida política municipal: Paco Ferreira, no PSOE, Manuel Gómez González, ex Independientes por Gondomar agora como Cidadáns, Antonio Araújo por Manifesto Miñor e Manuela Rodríguez Pumar encabezando alista do BNG ao que habería que sumar os rostros novos de Paula Bouzós polo PP e a aínda non confirmada cabeza de lista de CABE (Gondomar-Concello Aberto) que con moitas posibilidades será o médico Jesús Araújo. A esta variada oferta, rumorease, pode engadirse Vox.

Onde as augas semellan máis calmas é en Nigrán, pero todo se andará, que de aquí alá aínda falta un treito, que en política é moito. O PSOE de Juan González, o PP, de renovada imaxe con Carlos Abal, Nigrán Decide con José Cuevas e o BNG con Xavier Rodríguez estarán na saída. O incombustíbel Antonio Fernández é unha incógnita e aínda é pronto para desbotar as candidaturas de Manifesto Miñor-En Marea, Vox e Cidadáns.

Ampla oferta onde escoller. Con risco de empacho pola abundancia.



## A GUARDA

## A Guarda acolle o 7 de abril a Baixo Miño Enduro Experience

A Guarda prepárase para acoller o domingo día 7 de abril a primeira proba de Enduro da zona, a "Baixo Miño Enduro Experience", unha proba deportiva na que se combina a habilidade técnica do DH(Descenso) e a resistencia física do XC(Rally).

Durante o percorrido desta proba os participantes terán que superar desniveis considerables, alternando tramos de enlace con tramos cronometrados entre as localidades da Guarda e do Rosal.

A "Baixo Miño Enduro Experience" é unha proba puntuable no Open de Galicia de Enduro e ten a particularidade de ter 5 tramos cronometrados cun percorrido que se realiza nun entorno idílico para a práctica da disciplina de Enduro, cunhas paisaxes espectaculares co río Miño, a Costa e o Porto da Guarda, os Castros de Santa Trega, o Rosal e os seus viñedos e a desembocadura do Miño.

Os participantes saíran ás 8:30h dende a Praza de San Bieito na Guarda para dirixirse

ata o Monte Terroso, onde realizarán os primeiros tres tramos cronometrados, dende alí desprazaranse ata o Monte Santa Trega, onde realizarán os seguintes dous tramos cro-

nometrados, rematando na Praza de San Bieito, onde se realizará a entrega de premios.

Agárdase unha participación que podería roldar os 200 participantes.



## A Guarda licita as obras de mellora no entorno da rúa Vigo e Celta



O Concello da Guarda atopase nestes intreos no proceso de licitación das obras de remodelación e mellora da seguridade dos viarios municipais a través do programa DepoRemse da Deputación de Pontevedra, do cal o Concello vai ser beneficiario a través da mellora da mobilidade e seguridade no entorno das rúas Vigo e Celta.

No entorno conta con numerosas instalacións e equipamentos públicos coma o Centro de Saúde, o Conservatorio de Música, o Pavillón, o IES A Sangriña, o CEIP A Sangriña, o Estadio da Sangriña, lugares que son frecuentados por milleiros de persoas, na súa maioría rapaces.

Coa posta en marcha deste proxecto se pretende mellorar estes desprazamentos peonís,

mellorando a seguridade dos usuarios, peóns e tamén a circulación de vehículos, destacando a construción dunha glorieta no coñecido coma «cruce dos bechos».

As obras realizaranse na Rúa Vigo, dende o enlace coa PO-552 ata as proximidades do Pavillón Municipal e en parte Rúa Celta, sendo esta actuación unha primeira fase, que se pretende completar cunha segunda fase para a humanización da totalidade destas dúas rúas.

O Proxecto de mellora da mobilidade e seguridade no entorno da rúa Vigo e Celta, conta cun orzamento de 588.235,29 euros, dos cales 500.000 apórtalos a Deputación de Pontevedra e 88.235€ o Concello da Guarda. A previsión é que a obra estea executada antes do remate de 2019.



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

# Aridos do Mendo, s.l.



## Aridos e Formigóns



## ENTREVISTA

A GUARDA

Por Guillermo Rodríguez

Antonio Lomba Baz. Alcalde de A Guarda

## A Guarda ten moitas posibilidades en distintos eidos

**X**a formaba parte do goberno anterior do exalcalde Freitas polo que non era un ovato cando accedeu á Alcaldía. Asegura que o seu labor de goberno segue unha liña de continuidade pero adaptándose ás ovas posibilidades. Ofrece un goberno estable, un traballo serio e ilusión para mellorar a vida dos guardeses.

**1/ Sr. Alcalde, vde.colle o volante do concello de mans do anterior alcalde con quen formaba a Comisión de Goberno. Cales son as cousas que nesta lexislatura que remata decidiu deixar como estaban, modificar ou eliminar e por qué?**

Realmente nunca plantexei o cambio de goberno como unha fractura nin valorei ter que eliminar cousas. A maioría dos membros do equipo actual xa estabamos no goberno na anterior lexislatura, xa tiñamos unhas ideas sobre o futuro da vila e unha liña de traballo. Partimos dunha idea de goberno que vai evolucionando cos cambios sociais e tecnolóxicos que se producen, pero que mantén a súa esencia. O meu ofrecemento á veciñanza da Guarda mantívose e mantense para estas novas eleccións: un goberno estable e unido, formado por un grupo de persoas capaces que traballan con seriedade e ilusión por mellorar a vida dos veciños e veciñas.

**2/ A Guarda é unha vila historicamente mariñeira. Hoxe o mar xa on é o que era; sen embargo nos últimos tempos estanse a descubrir novas maneiras de promover a Vila, como son os restos históricos de pasadas civilizacións. Como está situada a Guarda neste novo chanzo do seu desenvolvemento económico, cultural e turístico?**

Ninguén dubida que a Guarda ten moitas posibilidades de desenvolvemento en distintos eidos. É certo que a flota de baixura na actualidade

e case testemuñal respecto ao que foi no pasado. Pero tamén é verdade que na actualidade temos unha flota de altura das máis importantes de España. Temos máis de 40 barcos que se adican a pesca do espada, marraxo e outras especies repartidos por todos os mares do mundo. Seguimos sendo unha gran potencia económica e empresarial no mundo da pesca.

Resulta evidente que a evolución socioeconómica nos levou a orientar os nosos esforzos cara a outros sectores que temos a posibilidade de explotar. Na actualidade somos unha referencia arqueolóxica en Galicia e incluso fora das nosas fronteiras: estes últimos anos reescavouse o barrio de Mergelina no monte Trega e estamos escavando as salinas romanas do seixal. O Camiño Portugués da Costa foi recoñecido en 2016 na lei de Patrimonio Cultural de Galicia e cada ano vemos como crece de forma imparable. Ademais disto a natureza, as paisaxes o comercio e a gastronomía convértennos nunha potencia turística de primeiro nivel.

Por outra banda tamén quero destacar que hai ámbitos nos que queda todo por facer e que impiden o noso pleno desenvolvemento, temos unha eiva no eido industrial e das comunicacións. Temos que conseguir que a Xunta de Galicia entenda que non pode esquecer por máis tempo ao Baixo Miño. É necesario que execute con urxencia a autovía entre Goián e Tui e que xere chan industrial na nosa comarca.

**3/ Daqueles proxectos que**

**vde. puxo en marcha cales puido rematar e cales ten que deixar para a vindeira lexislatura, se os veciños lle dan unha maioría suficiente para seguir gobernando?**

Non cabe dúbida de que a administración é moi lenta, isto ten como consecuencia de que as veces leva moito tempo, máis do desexable, sacar adiante algúns proxectos. Pola miña parte en ningún momento pensei, no que se refire aos grandes proxectos para a Guarda, en limitar o traballo a unha lexislatura. Sempre entendín que temos que sentar as bases do futuro a medio e longo prazo para nosa vila. Sei que algúns dos proxectos que comezamos neste mandato son de longo percorrido e non me tocará a min rematalos pero, mentres os veciños e veciñas me dean a súa confianza e teña a forza para tirar por eles, seguirei traballando con ilusión. Tamén é certo que conseguimos sacar adiante algunhas actuacións que cando comezamos a gobernar eran so un soño.

Como xa comentei antes unha das actuacións máis urxentes e frustrantes para nós é a autovía de Goián a Tui. Estaba paralizada a principio da lexislatura e tardei case dous anos en conseguir que a Xunta a reactivara. Espero que cumpran os compromisos acadados e que neste 2019 vexamos por fin obra feita. O mesmo sucede co chan industrial. A Xunta non deu un paso para crear un so metro de chan na nosa comarca aínda que teñen planificado un polígono dende fai moitos anos.



Por outra banda tamén temos avances e satisfaccións. A execución de Concepción Arenal, que rematará antes do verán e cambiará totalmente o aspecto e funcionamento do casco urbano da Guarda. O remate das dúas primeiras plantas da Casa dos Alonsos, que permitiu o traslado da sede municipal. A compra da finca Fínola, algo co que levabamos anos soñando, é unha realidade. Esta finca ofrece grandes posibilidades de futuro tanto para a construción dun edificio dotacional, como por exemplo un auditorio, como para ampliar a zona de esparcemento da alameda. A Escola Infantil, que levamos negociando dende o 2016 coa consellería, non avanzou coa axilidade que a Xunta nos prometera, pero neste momento temos o proxecto feito, os informes favorables e so estamos a espera de asinar o convenio que permita o comezo das obras. Neste 2019 teremos executado a primeira

fase da urbanización da rúa Vigo cunha rotonda no cruce dos Bechos, cun orzamento de case 600.000 €. Tamén neste 2019 se executará a obra de acceso a praia do Muíño para regular o tráfico e habilitar un espazo para peóns, esta actuación conta cun orzamento de case 200.000 €.

Noutros casos conseguimos a redacción de proxectos para os que haberá que buscar financiamento, nesta situación temos o acceso sur ao porto da Guarda, a reforma e ampliación do pavillón ou o proxecto de seguridade viaria para a zona da Sangriña.

Por suposto tamén temos actuacións rematadas na súa totalidade ou pendentes de fases futuras. Executamos a primeira fase da "Porta do Trega", un novo punto de control de visitantes ao monte. Fixemos obras de urbanización na rúa Calvario, na subida a Sanamaro, na rúa Cal, cambiamos o céspede do campo de fútbol, cons-



## A GUARDA

truímos un novo Skatepark na zona da Atalaia, pintamos o Espigón, instalamos un ascensor na praza de abastos reformamos os vestiarios do pavillón e do campo de fútbol, Escavamos Mergelina e as salinas do seixal etc.

Ademais de todo isto nestes momentos atópanse en estado de licitación ou xa adxudicadas outras actuacións que se executarán durante este ano, como dúas fases da urbanización de San Queitano, outra fase da rúa Cal, unha nova fase da rúa Calvario, uns baños accesibles na praza de abastos ou a iluminación ornamental do Centro Cultural

**4/ A Guarda está deitada no colo do Trega mirando a Portugal; sen embargo as comunicacións co País veciño non son as máis doadas co ferriboat actual. Para cando esa ponte tanto tempo esperada entre a Guarda e Caminha (Portugal)?**

É certo que as comunicacións con Camiña co ferry actual e co río sen dragar deixan moito que desexar. Practicamente o ferry quedou relegado ao uso turístico, non serve como unión verdadeira de dúas vilas que pretenden algún día converterse nunha eurocidade.

Sabedor deste problema desde principio da lexislatura levo insistindo en todos os foros nos que se fala do tema que é necesario facer un estudo dunha comunicación sostible para

peóns e vehículos entre A Guarda e Camiña. Deste estudo deberán saír as solucións técnicas que teremos que valorar para poñer en marcha a máis óptima para o futuro.

Neste senso, o presidente da cámara de Caminha e eu mesmo, tivemos a oportunidade de incluír esta demanda nas consultas para a elaboración da estratexia do proxecto europeo transfronteirizo Smart Miño. Esta estratexia publicárase en breve e contamos que inclúa este estudo entre as accións a desenvolver.

Así mesmo, nesta lexislatura constituíuse a AECT (Agrupación Europea de Cooperación Territorial) do Río Miño. Entendemos que debe ser esta agrupación, con entidade xurídica propia, a través da cal se busquen os fondos europeos para a execución da solución de comunicación que se derive do estudo antes citado. A maioría da xente fala dunha ponte, pero hai outras solucións que merecen a pena ser consideradas como pode ser un barco máis moderno ou un falso tunel.

**5/ Na lexislatura actual sen maioría absoluta tivo que depender doutros partidos para sacar adiante cousas importantes. Foi doado lidiar coa Oposición ou foron benévolos á hora de negociar?**

E certo que nesta lexislatura, igual que na anterior, tivemos un goberno en minoría. Esta

situación obriga a chegar a pactos puntuais cada vez que queremos sacar un tema de competencia plenaria para adiante. Isto fai que teñamos que negociar co resto dos grupos orzamentos, aprobación de ordenanzas, contas xerais, etc. Neste sentido sempre tivemos liñas de comunicación abertas con todos os grupos para negociar. Tamén hai que destacar que chegamos a acordos puntuais practicamente con todos os partidos e así conseguimos aprobar dous orzamentos, contas xerais, ordenanzas, financiamentos plurianuais, etc. Entendemos que nunha situación en minoría é fundamental chegar a acordos, e nós sempre estivemos abertos a conseguilo, poñendo por diante o interese

común e estando disposto a facer cesións cando era necesario. Neste sentido quero agradecer aos grupos da corporación cos que pactamos os seus apoios, por poñer o interese dos veciños e veciñas da Guarda por diante dos partidistas.

**6/ Explíquelles aos guardeses/as que proxectos importantes lle quedan na carteira para os que lle pide o voto nas vindeiras eleccións.**

Xa comentei con anterioridade algúns dos proxectos importantes para o futuro a Guarda, pero non está demais insistir sobre eles. Dende o meu punto de vista a obra máis importante para a comarca, sobre todo a Guarda e Rosal é a autovía entre Goián e Tui. Permitiría reducir o tempo de chegada a Guarda abaratando e facendo máis seguro o transporte de persoas e mercancías o que terá como consecuencia directa fixar e rexuvenecer poboación. Para fixar poboación e dinamizar a economía faise necesario tamén habilitar chan industrial para a implantación de novas empresas e regularizar a situación dalgunhas que están implantadas. Estes dous proxectos dependen da Xunta de Galicia pero nós non pararemos de esixilos en cantas oportunidades teñamos.

A Escola infantil será tamén prioritaria na próxima lexisla-

tura. É imprescindible aumentar o ratio de prazas para os máis cativos. Na actualidade este ratio atópase moi por debaixo do recomendado pola Unión Europea e a Xunta de Galicia.

Outra das obras importantes, que cambiaría a dinámica de movemento de vehículos e persoas na vila, facendo que mellorara a nosa calidade de vida, é o acceso sur ao porto, cuxo proxecto xa está redactado.

Necesitamos empezar tamén coa renovación e ampliación do pavillón. Temos un equipo en división de Honra que merece unhas instalacións acordes coa súa categoría.

Na próxima lexislatura centraremos esforzos tamén en conseguir un auditorio. As xestións feitas durante o presente mandato non tiveron froitos pero esta é unha dotación que necesitamos con urxencia.

Outros proxectos nos que traballaremos e que, salvo imprevistos, avanzaremos moito ou veremos realizados son: a apertura da rúa baixo muro, a apertura de Inguieiros, modificación do uso da finca de Fínola para poder dispoñer dela para fins dotacionais, habilitación de chan deportivo na zona da piscina e ordenación segura da zona escolar e deportiva da Sangriña.

**Grazas Sr. Alcalde e que os idus de maio lle sexan propicios.**





## BAIXO MIÑO

## A GUARDA

## Presentación do proxecto «Memi, una gota de aire»

O venres 15 de marzo o Concello da Guarda acolheu a presentación do proxecto «Memi, una gota de aire», contando con representantes das bibliotecas escolares da vila.

Memi é un proxecto que congrega o educativo e o creativo e onde as emocións e os soños serán o motor fundamental desta viaxe. A plataforma Memi nace co mesmo sentido que ten o nacemento dunha nova vida, o de crecer, nutrirse das aportacións dos nenos e nenas e ser unha plataforma viva coa única premisa

fundamental de soñar, gozar e recordar que cada un de nos ten o seu momento Memi e que está aí esperando a ser deliciosamente empregado. Unha representante da Fundación Igual Arte de Vigo foi a encargada de explicar aos máis cativos como é o funcionamento e as características principais do proxecto.

A Concelleira de Cultura, Elena Baz e o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, fixeron entrega dun exemplar deste libro a cada representante das diferentes bibliotecas escolares do municipio,



para que contribúan a este proxecto, que nesta edición, cos fondos recadados, axudarase ao colectivo solidario

Bicos de Papel.

Máis información na web do proxecto: [www.memigota-deaire.es](http://www.memigota-deaire.es)

## Abertas as inscricións para un Curso de Ximnasia Sénior

A Concellería de Deportes do Concello da Guarda oferta un Curso de Ximnasia Sénior para persoas maiores de 65 anos.

O curso levarase a cabo todos os mércores e venres en horario de 11:30h a 12:15h e realizarase na sala de actividades da Piscina Municipal.

A actividade ten un custe mensual de 10 € por persoa.

As inscricións están xa abertas e as prazas son limitadas. Os interesados poden formalizar a súa inscrición acudindo á OMIX, no 2º andar do Concello da Guarda.

## O GES da Guarda participa nun simulacro de emerxencias internacional no Río Miño

Na xornada do venres 15 de marzo un operativo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) da Guarda participou nun simulacro de emerxencias internacional no marco do proxecto ARIEM 112 con medios de emerxencias galegos e portugueses que contou coa participación de persoal da AXEGA, Guardia Civil, GES da Guarda, Armada Española, Helicóptero Pesca 1, GNR, Protección Civil, Capitanía Marítima de Caminha, INEM, Bombeiros Voluntarios de Ca-

minha, entre outros.

Ao longo da mañá os efectivos de emerxencias despregados realizaron un simulacro de incendio no Ferry Boat no Río Miño, participando na extinción do lume e evacuación de feridos. Un dos efectivos do GES da Guarda foi evacuado no Helicóptero do PESCA 1 dende o Ferry Boat.

O Concelleiro de Emerxencias do Concello da Guarda, Miguel Español e o Deputado Provincial Santos Héctor, supervisaron dende a dársena



de Caminha o transcurso deste simulacro, valorando moi positivamente este tipo de actuacións, posto que serven de formación para os compoñen-

tes do GES, así coma unha gran axuda para a coordinación dos diferentes medios de emerxencias na zona transfronteiriça do Río Miño.

## Camiños escolares seguros

A Guarda acolheu o día 28 de marzo unha Axuntanza para presentar o primeiro informe intermedio dos Camiños Escolares Seguros na vila.

Neste primeiro informe recóllense varias actividades realizadas tendo como base a mobilidade do alumnado do CEIP Manuel Rodríguez Sinde, cun recoñecemento do terreo, vídeo en timelapse da chegada e saída de alumnos, mapas e fotografías das rutas empregadas para o acceso a este centro, así coma un mapeamento dixital que coa tecnoloxía GPS axudou a facer os percorridos dixitais do alumnado, establecendo as rutas máis empregadas.

Deste xeito logrouse establecer un croquis dun posible Camiño Escolar Seguro de 730m de lonxitude nas rúas Circunvalación, Tui, Ourense, Enrique María Sesto e Brasilino Álvarez.

## Visita as pistas de Petanca do Codesal

O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba; o Concelleiro de Vías e Servizos, Miguel Español e o Alcalde Pedáneo da Entidade Local Menor de Camposancos, Rafael Álvarez, visitaron na xornada do sábado 16 de marzo a ampliación das pistas deportivas para a práctica de Petanca no Codesal, en Camposancos.

Estas instalacións veñen de

ampliarse con dous novos campos, contando na actualidade cun total de 6 campos regulamentarios de 4x15, empregados polos máis de 40 membros do Clube de Petanca O Caldeiro, o primeiro clube para a práctica deste deporte na Comarca do Baixo Miño.

O Concello da Guarda e a Asociación O Caldeiro traballan conxuntamente para favorecer a práctica deste deporte no



municipio, deporte cun gran auxe nos últimos tempos, con-

tando na Guarda con 23 deportistas federados.



## A GUARDA

## A Guarda recibe 3 selos SICTED na III Gala Anual de Turismo Rías Baixas

O pasado día 12 de marzo celebrouse na cidade olívica a terceira edición da Gala Anual de Turismo Rías Baixas, evento no que se realiza un recoñecemento ao turismo da provincia coa entrega dos certificados SICTED, o distintivo que premia a excelencia e a profesionalidade de empresas e servizos turísticos.

A este evento acudiron en representación municipal o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e a Concelleira de Turismo Montserrat Magallanes, onde recolleron os diplomas e carteis do distintivo SICTED para a Oficina de Turismo Municipal da Guarda e as Praias do Muíño e Area Grande.

O Concello da Guarda integra ao destino turístico "Provincia de Pontevedra-Rías Baixas" e leva traballando dende o 2009 na implantación do distintivo SICTED. E dende 2010 a Oficina de Turismo Municipal e as praias de Area Grande e O Muíño conta con este recoñecemento que ven acompañado dun plan de mellora continua



e novas medidas dirixidas a incrementar a calidade do servizo, polo que os establecementos e servizos deben continuar traballando en prol do desenvolvemento turístico e a satisfacción dos clientes.

Na actualidade, A Guarda conta con 9 empresas e servizos co distintivo de calidade e compromiso turístico SICTED. Aque- las empresas e servizos que desexen adherirse ao proxecto poderán recibir asesoramento na Oficina de Turismo Municipal do Concello da Guarda.

O SICTED é un proxecto de mellora da calidade dos destinos turísticos promovido pola Secretaría de Estado de Turismo (SET) e a Federación Española de Municipios e Provincias

(FEMP). Traballa con empresas e servizos de ata 33 oficios diferentes co obxectivo de mellorar a experiencia e a satisfacción dos e das turistas. Para logralo, o sistema ofrece ás empresas e servizos adheridos un plan de formación, asistencia técnica, obradoiros, grupos de traballo e manuais de boas prácticas.

A obtención do distintivo SICTED implica o cumprimento dos requisitos fixados, e da conta do esforzo e o compromiso coa calidade e a mellora continua, á vez que distingue ao establecemento fronte á competencia. O certificado ten validez bienal, aínda que precisa dunha avaliación anual de seguimento.

## A Guarda intensifica a presenza policial



Na mañá do luns 18 de marzo o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, mantivo unha xuntanza no Concello co Comandante do Posto da Guarda, Eligio Rivas; o Xefe da Policía Local, Manuel Ángel González e o Concelleiro Delegado da Policía Local, Paulino Rodríguez.

O motivo da reunión era o de trasladar, por parte do Concello á Guardia Civil, a preocupación dos comerciantes, veciños e responsables municipais polos roubos que se veñen producindo nos últimos tempos na Guarda. Así mesmo, sabedores de que as forzas de seguridade comparten esta preocupación, o

alcalde trasladou a necesidade de aumentar a vixilancia na vila, sobre todo en horario nocturno.

O Comandante coincidiu co alcalde na necesidade de intensificar a presenza policial e trasladoulle que dende hoxe mesmo A Guarda contará cun núcleo operativo que prestará servizo nocturno na vila.

Do mesmo xeito o alcalde púxose en contacto coa Subdelegación do Goberno e manterá este mesmo mércores unha xuntanza con Maica Larriba e representantes dos corpos de seguridade, para trasladarlle a preocupación pola seguridade cidadá na Guarda e solicitar reforzo policial.





## Festa e glamour na III Gala Anual de Turismo Rías Baixas



Non faltou un detalle para que a III Edición da Gala Anual de Turismo Rías Baixas non tivera nada que envexar a calquera cerimonia de entrega dos Premios Goya o incluso dos Oscar de Hollywood. O glamour, as luces, as emocións, a música, a modernidade e o humor encheron esta tarde o Auditorio Mar de Vigo, vestido para a ocasión por todo o alto, con photocall, alta tecnoloxía, alfombra vermella e invitadas e invitados de luxo. Todo elo para render homenaxe ao turismo dunha provincia de película como é Pontevedra. Ao evento, organizado pola Deputación, asistiron numerosas autoridades entre elas o alcalde de Vigo, que exerceu de anfitrión, a presidenta da Deputación, Carmela Silva, deputadas e deputados, alcaldes e alcaldesas, e representantes do mundo de turismo, da cultura, da sociedade, da gastronomía e da política da provincia. A Gala fixo todo un recoñecemento ao sector turístico coa elección da primeira Embaixadora das Rías Baixas, a entrega dos selos SICTED a 139 empresas, e a presentación da campaña "Fame de Experiencias",

centrada este ano na enogastronomía.

Emma Lustres, fundadora e directora executiva de "Vaca Films" a premiadísima produtora galega, que só este ano logrou tres Goya e varios Mestre Mateo pola película "La Sombra de la Ley", foi o nome que contiña o sobre pechado co nomeamento de primeira Embaixadora de Rías Baixas. Lustres tivo que subir ao escenario cando o misterio foi desvelado pola presidenta da Deputación. A xa Embaixadora, que recibiu como agasallo unha "particular interpretación en cerámica dunha camelia" da artesán viguesa Ana Tenorio, mostrou a súa emoción polo título e se comprometeu a representar "a esta maravillosa provincia de Pontevedra"

Carmela Silva se referiu a Emma Lustres como "a personificación do poderío das mulleres na nosa provincia, do talento e da paixón polas cousas ben feitas. Era imposible ter mellor embaixadora que ela, é unha honra porque leva a nosa provincia e a Rías Baixas alá onde vai, e ela é das que vai a todos os lugares co éxito detrás de cada proxecto que lidera".

Na súa intervención, a presidenta da Deputación fixo un

percorrido "polas paisaxes, camiños a Compostela, festas e experiencias para os cinco sentidos que temos na provincia", e invitou ao mundo "a que nos visite, que veña a este paraíso para saciar a súa Fame de Experiencias. Que as vivan, o contén e repitan", dixo. Tamén agradeceu "as empresas que apostan pola calidade que contribúen a consolidar e prestixiar o noso destino", e recoñeceu especialmente ás persoas que fan posible a enogastronomía, ás produtoras e produtores nos que se inspira a campaña deste ano da Deputación. "Detrás dese éxito hai moita xente, traballadoras e traballadores do marisqueo, a pesca, a gandería, a produción vitivinícola, o campo, a distribución e a restauración que producen e serven a mellor materia prima da nosa

gastronomía".

Silva sinalou que "vivimos nun tempo novo no sector turístico, de grandes desafíos e oportunidades, e estamos moi ben posicionados. Temos un destino de costa e interior único, cunha gastronomía de excelencia e un patrimonio e unha cultura extraordinarios. Temos un sector turístico fortemente profesionalizado e unha administración como a Deputación entregada para acadar o noso obxectivo xunto cos concellos e o sector privado".

No transcurso da Gala, fíxose todo un recoñecemento ao turismo da provincia, xa que ata 139 empresas do sector recibiron o certificado SICTED, o distintivo que premia a excelencia e a profesionalidade. Representacións de todas elas, pertencentes a 34 concellos das

comarcas de Vigo, Pontevedra, O Salnés, O Morrazo, Val Miñor, Baixo Miño e do Condado-Parradanta, desfilaron polo escenario da Gala no Auditorio Mar de Vigo para recoller as súas distincións.

A III Gala de Turismo Rías Baixas foi conducida pola parella formada pola actriz Deborah Vukusic e polo actor Carlos Blanco que, seguindo co estilo cinematográfico de toda a gala, apostaron polo humor ao longo do evento ao que asistiron as forzas vivas da cidade, lideradas polo alcalde de Vigo, Abel Caballero. Alcaldes e alcaldesas doutros puntos da provincia tamén pasaron polo photocall e pola alfombra vermella, así como representantes do sector turístico co presidente do Cluster de Galicia ou a Directora de Paradores. Tamén asistiron representantes do mundo cultural, social, empresarial, artístico e político, amais de integrantes do Corpo Consular na cidade, amais de Estrelas Michelin como Amaranta e Javier Olleros de Culler de Pau. A cerimonia contou coas actuacións musicais de Rosa Cedrón e do Grupo de Danza "Media Punta", que encandilaban ao público asistente coas súas interpretacións.

